



Confederación Intersindical Galega

Sección Sindical Telefónica A Coruña

Teléfono 981183969 – Fax 981183679

Email coruna@cigtelefonica.com

www.cigtelefonica.com

Pleno do Comité Nº 41 - 7 de novembro de 2014

Proposta da empresa para OdR, Formación e CPSS Extraordinario

1.- Actas: Está aprobada e asinada a 39, a 40 queda para a vindeira permanente.

2.- Comisións: Celebrouse reunión da Subcomisión de Incendios o pasado 10 de outubro onde se trataron os temas habituais destas reunións: falsas alarmas en centrais, simulacros, plans de emerxencia... Sobre o presuposto de 5.000 € para obturación de ocos na provincia da Coruña para o ano 2014 aínda non se gastou nada, a empresa informa que se obturará antes de finais de ano. Non se presentou informe sobre os sinistros acontecidos nas centrais de Espiño e Vite.

Comisión de Xestión: celebrouse xuntanza o 23 de outubro e tratouse a situación de OdR. A empresa propuxo a creación dunha roda provincial onde rotaría o persoal dos 3 centros (A Coruña, Santiago e Ferrol), eliminaría a dispoñibilidade de noite e entrarían dúas persoas en quenda de noite de luns a venres, na fin de semana farían dispoñibilidades. Na nosa web podes acceder ao informe completo:

http://www.cigtelefonica.com/coruna/pdf/2014/cx_07.pdf

CPSS Extraordinario: o 27 de outubro celebrouse unha reunión extraordinaria do Comité Provincial de Seguridade e Saúde onde se falou dos traballos acompañados, posteriormente á reunión a empresa enviou un escrito cunha serie de localizacións para tratar de elaborar outra vez un mapa de actuación con localidades ás que se podería ir en solitario de noite.

Dende a CIG comentamos que non se nos informou da convocatoria dese CPSS extraordinario co que se vulnerou o dereito do noso delegado sindical de asistir ás xuntas do comité de seguridade e saúde laboral establecido no artigo 10 da Lei orgánica de liberdade sindical, isto é un feito moi grave e a sección sindical estudará que medidas tomaremos ante esta situación. Sobre o falado na reunión vemos que na acta (que xa está asinada) recóllense cousas que non son certas no que atinxe aos desprazamentos en quenda de noite.

Do contido do escrito enviado pola empresa, hai cuestións nas que nós non podemos estar de acordo, non lle vemos moito sentido entrar a falar sobre o mapa de actuación cando inclúe armarios de intemperie aos que nunca se pode ir só, non nos parece serio enviar esta proposta ao Comité.

No intenso debate que se produce contrapóñense visións diferentes entre as seccións sindicais, por parte da CIG non estamos dispostos a facer unha lectura restrinxida do acordo de traballos acompañados onde se indica con claridade que só se pode ir en solitario en situacións excepcionais e debidamente xustificadas. Nós só estamos dispostos a facer que sexa viable a aplicación do acordo sen eliminar as súas garantías. Hai outros que semellan máis preto da intención da empresa procurando establecer localidades ás que se podería ir só en calquera situación e sen ter que xustificalo.

Finalmente acórdase elaborar un escrito como comité e pasarllo aos traballadores de OdR para recoller a opinión dos propios afectados antes de que o Comité tome ningunha decisión ao respecto.

Dende a CIG insistimos en que non estamos de acordo coa medida proposta pola empresa e habería que trasladar esta opinión, acórdase enviar un escrito como Comité para expresar este desacordo e solicitar que se dote ao departamento do persoal necesario pois ese é realmente o problema e por aí debe pasar a solución.

Neste punto tamén se fala dun escrito enviado polos traballadores de OdR de Ferrol, o Comité non terá en conta o escrito por non vir asinado e polas formas nas que está redactado.

Comisión de Formación Celebrouse reunión o 15 de setembro, facilitan os datos dos cursos impartidos tanto de xeito presencial como en a+, cun resultado de 34,02 horas/empregado do que resulta un cumprimento anual do 123,25%, o absentismo é do 2% e a nota media da valoración dos cursos un 8,04.

Fálase tamén dun Plan de Formación para os Operadores de Comunicación (OC), afecta a 166 traballadores na Coruña, o plan desenvolverase en dous anos (do 2014 ao 2016) con 50 horas de formación en materia de Prevención de Riscos Laborais (20h específicas da categoría) e logo formación troncal con dúas xornadas de tipo xeral ás que se engadirán outras tres xornadas de formación para O+M e dúas para I+M.

Tratáronse outros temas como a escasa formación do CTNC de Espiño con respecto a Fusión Empresas, a formación de obrigado cumprimento para a que os asesores en Comercial disporán dun día completo, denúnciase demasiada "autoformación" mediante correos e pílulas informativas.

Impartiuse un curso de Eficacia Comercial dirixido aos comerciais que involucronaron na Carreira Comercial que estivo moi mal plantexado, tamén se falou da revisión da compensación en tempo aos profesores colaboradores que impartan cursos fóra da súa localidade. Tamén se comunica que, para que os cursos do portal Óptima computen como tempo de formación o xefe debe introducir ese dato en GAOM. Tamén se informa que está aberto o prazo para a solicitude dos permisos individuais de formación (do 1 ao 15 de novembro).

O Comité de Empresa recibiu un escrito dun compañeiro de Espiño onde reclama que o curso de PRL Contraincendios e Autoprotección se imparta de xeito presencial, como parece lóxico que sexa. Acórdase remitir o devandito escrito ao Comité de Seguridade e Saúde e á Comisión de Formación.

3.- Varios: Recibiuse a información, por parte da empresa, da porcentaxe de vacacións para o 2015 e vaise revisar para ver se é axeitada.